inferniño

Rías Baixas, Pontevedra—Salnés

Pontevedra · Mosteiro de Poio · Sanxenxo —Portonovo · Praia da Lanzada · O Grove —Illa da Toxa · Miradoiro de Siradela

Pontevedra

#Imprescindible

Centro histórico da cidade de Pontevedra de enorme beleza e pouco coñecido pola maioría. Aconsellable o paseo perdéndose polas súas rúas e terrazas das súas prazas. Aconsellable o uso da radioguía de alugueiro na oficina de turismo municipal se quere valorar máis o que está a ver.

Como chegar

Mosteiro de Poio

#Histórico

Por ser un mosteiro de enormes dimensións e con moi boas vistas á ría de Pontevedra. Destaca o seu magnífico claustro e o seu hórreo de grandes proporcións.

Como chegar

Sanxenxo—Portonovo

#Inevitable

Pouco que ver salvo ir polo seu paseo marítimo, visitar o náutico, as súas tendas e gozar da mal chamada Marbella galega. Portonovo é famoso pola raia en caldeirada.

Como chegar

Praia da Lanzada

#Sente

A brisa do mar e as ondas da praia da Lanzada: coñecer o Istmo da Lanzada. Percorrer unha das praias máis emblemáticas de Galicia polo seu paseo de madeira. Enorme aparcadoiro onde deixar o coche.

Como chegar

O Grove—Illa da Toxa

#Curioso

Moi agradable paseo pola Illa da Toxa. Pódese dar unha volta pola ría nun sen fin de ofertas de catamaráns con degustación de mexillóns e Albariño.

Como chegar

Miradoiro de Siradela (O Grove)

#Sobrecolledor

Impresionantes vistas do istmo da Lanzada no que se aprecia perfectamente este accidente xeográfico.

Como chegar